

ANEXO I: COHERENCIA DO PLAN XERAL COAS DETERMINACIÓNS DO PLANEAMENTO SECTORIAL

1. COHERENCIA DO PLAN XERAL COAS DETERMINACIÓNS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

Conforme ao establecido no punto 1.4. do apartado de Determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio, os instrumentos de planeamento urbanístico deben xustificar a súa coherencia e conformidade coas determinacións e criterios establecidos polas mesmas, incorporando unha valoración da correspondencia dos seus contidos.

Estas determinacións das DOT refírense ao sistema de asentamentos, ao desenvolvemento e ordenación deles, das áreas empresariais e das actividades produtivas, ás infraestruturas e aos vectores ambientais e do modelo territorial e ao patrimonio natural e cultural e á paisaxe, diferenciando aquelas de carácter excluíntes de calquera outro criterio, daquelas outras de carácter orientativo que obriga á administración competente, neste caso a municipal, á súa concreción propositiva.

O Municipio de Mondoñedo inclúese no conxunto de municipios que contan cunhas vilas que as Directrices definen como nodos para o equilibrio do territorio, co que as súas determinacións deben ser coherentes coas establecidas no apartado 2.3 das Determinacións das DOT.

De seguido analízanse as determinacións que teñen incidencia no municipio de Mondoñedo e a coherencia das determinacións e criterios do planeamento coas mesmas, así como con aquelas outras, tanto excluíntes como orientativas.

Co obxecto de avaliar a correspondencia dos seus contidos mantense a numeración de epígrafes establecida nas DOT.

2. O sistema de asentamentos.

2.3. Determinacións para o os núcleos nodos para o equilibrio do territorio.

Determinacións excluíntes:

2.3.1 As vilas que as DOT propoñen como Nodos para o Equilibrio do Territorio, xunto coas subcabeceiras do sistema urbano intermedio, completan o terceiro nivelo do sistema de asentamentos do modelo territorial.

O Plan Xeral identifica á cidade de Mondoñedo que se localiza ao este da traza da estrada N-634 e que conta cun conxunto histórico-artístico de importante presenza, clasificándoo como solo urbano, asignándolle funcións, tipoloxías e usos apropiados ao principal centro de servizos e dotacións do municipio e do contorno rural.

2.3.2 Os Plans e programas e actuacións de incidencia urbanística orientarase cara aos obxectivos seguintes:

a. Mellora das infraestruturas de comunicación, facilitando a accesibilidade deles e os desprazamentos cara aos núcleos do sistema superior.

O Plan Xeral de Mondoñedo incorpora a nova infraestrutura en execución, a traza da Autoestrada do Cantábrico A-8, que mellora a accesibilidade territorial de longo percorrido, tanto para a cidade de Mondoñedo como para o resto do seu territorio. Non obstante compre aclarar que esta cidade xa presenta unhas condicións de accesibilidade boas toda vez que se sitúa sobre a traza da estrada N-634, eixe Santiago-Oviedo que constituíu ata a execución dos treitos da A-8 xa en funcionamento, o elemento de conexión da Comunidade Autónoma co norte do territorio nacional. As determinacións do Plan garanten as axeitadas condicións para este vial de primeiro orde no marco da vixente lexislación de estradas.

b. Mellora dos equipamentos e dotacións, aumentando a variedade e sobre todo o nivel de servizo con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos.

O Plan Xeral de Mondoñedo analiza o conxunto de dotacións existentes, que, na actualidade, sitúanse maioritariamente na cidade. Ademais propón actuacións de complemento dotacional cun carácter de formación de nova estrutura, como as novas instalacións deportivas en Viñas da Veiga e novos Parques no contorno do Valiñadares, coa publicación dos seus marxes, ou o Parque de Castro coa fin de poñer en valor un dos elementos arqueolóxicos da cidade como elemento fundacional.

c. Potenciación das infraestruturas de telecomunicación.

Toda vez que, tal e como se analiza na Memoria de Ordenación do Plan, as infraestruturas de telecomunicacións non comportan condicionantes urbanísticos especiais, o Plan Xeral establece medidas urbanísticas que permiten a súa implantación na cidade e no territorio de Mondoñedo.

d-e. Accións de mellora urbana que incidan na imaxe dos núcleos, a oferta residencial de calidade, a valorización dos atractivos naturais e na preparación de espazos de actividade adaptados ás necesidades, que permitan a ampliación e diversificación da base produtiva.

O Plan Xeral identifica a realidade urbana da cidade de Mondoñedo e establece para ela un proxecto unitario de mellora da súa imaxe establecendo a formación de tres plans especiais que pretenden poñer en valor tramas edificatorias de interese, Conxunto Histórico e Barrio dos Muíños e de San Lázaro, ou elementos naturais de singular valor, contornos e marxes do Valiñadares na cidade, coa formación dun parque lineal.

Todos estas medidas, como as restantes de definición de ámbitos de solo urbano non consolidado nos que se produce un completamento da estrutura urbana, da oferta dotacional e creación de novos percorridos así como a reserva de solo para vivendas de protección difundidas pola trama, permiten afianzar a imaxe urbana da cidade en condición de calidade de vida, aproveitando todas as posibilidades que a súa implantación ofrece.

Por último a cidade de Mondoñedo xa conta cun área empresarial xa urbanizada e desde o Plan apóstase pola ampliación do solo con destino a uso empresarial, coa fin de manter a capacidade produtiva do territorio e permitir a localización de centros de actividade que poidan implicar a fixación de poboación.

g. Obxectivos do sistema de cidades que tamén lle son de aplicación:

2.1.4.i Determinar as áreas ou elementos que polos seus valores e funcións ambientais (incluídos os culturais) deban ser obxecto de protección procurando a correcta integración no conxunto das áreas estratéxicas.

O Plan Xeral de Mondoñedo establece a protección e posta en valor dos elementos máis salientables desde o punto de vista ambiental e cultural. Así, despois dunha análise exhaustiva de ámbito supramunicipal, identifica varios ámbitos de solo rústico que merecen especial protección como espazos naturais. Trátase dos ámbito vinculados

aos sistemas Ría de Foz-Masma, -que no seu conxunto inclúe áreas estratéxicas de conservación discontinuas (Inventario de humidais de Galicia, Inventario de Hábitats de España) cun nexo condutor a modo de corredor ecolóxico constituído polas valgadas fluviais-, e Serra do Xistral (que inclúe a Serra da Toxiza), incluído no Anexo III das DOT, como áreas estratéxicas de conservación, e das Covas do Rei Cintolo.

En canto aos elementos patrimoniais, á parte da definición dun amplo catálogo de elementos que son protexidos normativamente cunha regulación específica, o Plan recolle os elementos declarados Ben de Interese Cultural, Conxunto Histórico-artístico, Catedral de Nosa Señora dos Remedios, Castelo da Toxiza e a Torre de Gorrete e incorpora o Plan Especial do Conxunto histórico con todo o seu catálogo, e define o ámbito de dous Plans Especiais de Protección e Rehabilitación para dous barrios (dos Muíños e de San Lázaro) que conteñen elementos de interese que serán incorporados ao catálogo cando se desenvolvan.

2.1.4.l Fixación dos usos do solo e o equilibrio entre as distintas partes do territorio baixo a perspectiva da súa sostibilidade baseándose na capacidade de carga ou acollida do territorio.

Xa desde o Avance de Plan, analizouse a capacidade de acollida dos territorios que o Plan Xeral destina a novos crecementos terciarios e industriais, concluíndose que os territorios que ocupan presentan unha capacidade de acollida boa para as actividades a que se destinan sen poñer en risco a sostibilidade municipal, onde se clasifica como solo rústico unha alta proporción do territorio (mais do 97%) sendo de especial protección a maioría.

2.1.4.m Fixación de medidas que garanten a coordinación entre as determinacións do Plan Xeral e os instrumentos de planeamento dos municipios contiguos.

No apartado 2.1.5 da Síntese e diagnóstico da situación urbanística, dáse conta do estado e antigüidade do planeamento dos municipios limítrofes, indicándose a clasificación asignada nos perímetros de contacto para municipios que teñen ordenado este ámbito, para establecer determinacións coherentes, sendo a clasificación maioritaria dos bordes ordenados a de solo rústico.

2.1.4.ñ Establecer as condicións para intervenir na dispersión procurando a compactación.

O Plan Xeral especializa o territorio municipal cara a identificación do centro urbano residencial que coincide coa cidade, nos que se aposta de maneira clara pola

compactación e reforzo da súa estrutura, mediante a definición de ámbitos de solo urbano non consolidado, con densidades e estruturas acordes coas actuais.

Igualmente identifica e delimita o sistema de núcleos rurais no marco da vixente lexislación priorizando a súa compactación.

2.1.4.o Estimar as necesidades de reserva de solo para vivendas sometidas a algún réxime de protección.

O Plan Xeral no apartado 4.1.2 da Memoria detallada de Ordenación analiza a demanda prevista de vivenda de protección e conclúe que cúmprense as condicións establecidas na vixente lexislación para diminuír as reservas de vivenda de protección ou suprimilas. Non obstante, e dado o carácter que ten a cidade como nodo para o equilibrio do territorio, establece unha reserva equivalente ao 15% da edificabilidade residencial dos polígonos de solo urbano non consolidado con destino a vivendas de protección pública.

Determinacións orientativas:

2.3.4 Os plans municipais, territoriais e sectoriais formularanse tendo en conta as referencias territoriais para a articulación dos nodos de equilibrio do territorio contidas na memoria destas DOT.

O Plan Xeral fai un estudo exhaustivo das cuestións referidas á demografía, vivenda, relacións infraestruturais e de accesibilidade e medio físico, cun rango que comprende desde o desglose parroquial ata os municipios do contexto comarcal nalgunha das variables. Sobre a base de este estudo establece unha diagnose sobre as potencialidades e dinámicas que amosa o municipio e os elementos que compoñen e que baséanse no reforzo da estrutura urbana da cidade para que sexa quen de ofertar uns servizos axeitados á poboación rural que serve e constituír un foco de atracción económica que permita a fixación da poboación na propia cidade e no seu contorno, converténdose no centro de prestación.

Os únicos ámbitos de desenvolvemento previstos están vinculados á cidade e á diversificación de usos co fin de dinamizar a economía municipal de xeito que se permita fixar e incrementar a poboación municipal.

3. Desenvolvemento e ordenación dos asentamentos, das áreas empresarias e das actividades produtivas.

Determinacións excluíntes:

3.1.1. Potenciar os nodos de referencia dos distintos niveis.

Dada a posición e función que debe desenvolver o municipio de Mondoñedo integrado no sistema de Nodos para o equilibrio do Territorio e vinculado á traza da estrada N-634, o Plan Xeral especializa os núcleos do territorio municipal cualificando como solo urbano á cidade, sobre a base da súa propia estrutura nidiamente urbana e polos usos e servizos que ofrece. Desta maneira formula unha estrutura urbana monocéntrica adaptada ás súas características, que se insire nun contexto urbano de maior alcance constituído polo sistema de nodos (vilas e cidades) entre o territorio central e a costa da Mariña Lucense. As propostas de mellora, complexización e diversificación da súa estrutura e usos colaboran na formación dun centro urbano de escala media, que abrangue ao seu centro de actividade, e cun umbral de densidade adaptado ás condicións de orixe do termo municipal e da propia cidade.

3.1. Dotar de clasificación axeitada aos centros nos que se pretenda apoiar un desenvolvemento urbano.

En concordancia co indicado no apartado anterior o Plan Xeral clasifica o solo da cidade como solo urbano.

3.1.3 Os instrumentos de ordenación territorial identificarán aqueles asentamentos ou novas agrupacións que non se integren na malla urbana ou na rede de núcleos e que precisen de accións de recualificación.

No territorio de Mondoñedo non se identifican ámbitos que deban ser sometidos a procesos de recualificación.

3.1.4 Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico municipal que prevea o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial deberán fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificando da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido, que deberá fundamentarse nas previsións do ritmo da evolución esperada das condicións sociodemográficas e socioeconómicas.

O Plan Xeral analiza a evolución demográfica para o propio municipio, concluíndo que a súa situación de regresión demográfica non permite acoller ámbitos para novos desenvolvementos residenciais, co que non os plantea.

3.1.5 Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico municipal cumprirán:

a. Non poderán conter previsións de crecemento residenciais desvincellados dos asentamentos existentes.

O Plan Xeral só identifica os ámbitos de solo urbano ou de núcleo rural en base aos criterios legalmente establecidos, sen propoñer novas áreas de crecemento de tipo residencial.

b. Deberán garantir a accesibilidade e mobilidade, prestando especial atención a fórmulas de transporte sostible.

O Plan Xeral establece unha serie de propostas que melloran a accesibilidade, tanto de tipo viario, co completamento de vías urbanas con seccións axeitadas á súa función, así introduce elementos de estrutura que garanten a compatibilidade dos modos peonís e de bicicletas. É o caso do Parque Lineal do Valiñadares, ou a formación de áreas estanciais conectadas por vías de sección axeitada que permiten xerar unha relación entre as pezas da cidade, con percorridos que non superan os 5 Km. O mantemento da estación de autobuses como dotación de sistema xeral garante o fomento do sistema de transporte colectivo.

c. Os centros atractores de desprazamentos considerará a súa articulación coas devanditas fórmulas de transporte sostible.

Os centros terciarios e empresariais que se inclúen no Plan Xeral ocupan unha posición de comunicación directa coa trama urbana da cidade ou cos principais elementos de conexión viaria, N-634.

d. Priorizar a compactación dos núcleos evitando o crecemento ao longo das estradas.

O Plan Xeral analiza os asentamentos existentes, delimitando os núcleos en función da súa ocupación actual no marco da lexislación urbanística. Con estas delimitacións establécese o ámbito dos núcleos sobre a rede viaria principal, co que se logra unha consolidación e compactación da trama. As ordenanzas previstas para os distintos tipos de núcleos colaboran igualmente en incrementar a súa compactación, sempre sobre a

base dun limiar de consolidación pola edificación mínimo establecido pola lexislación urbanística tanto para os núcleos histórico tradicionais como para os comúns, no caso do solo de núcleo rural. O solo urbano presenta igualmente un nivel de infraestruturación ou un nivel de consolidación de orixe sobre o que se artellan as ordenanzas respectivas, que en todo caso garanten a consolidación e compactación da trama urbana.

e. Establecer medidas tendentes á diversificación de usos.

As ordenanzas establecidas polo Plan Xeral garanten a compatibilidade de usos diversos. Por outra parte na ordenación do solo urbano concíbense os ámbitos de solo urbano non consolidado para, ademais de completar a trama urbana e as dotacións, ampliar a diversificación de usos.

g. Conterán a análise e planificación precisa para que o organismo de cunca poida avaliar a suficiencia da captación, depuración e vertidos.

En capítulos da Memoria de Ordenación analízanse de xeito específico as infraestruturas hidráulicas, nos que se detalla a capacidade do sistema de abastecemento e saneamento, propoñendo as medidas de complemento necesarias que se avalían no Documento de Estudo Económico Financeiro, para a totalidade das actuacións necesarias para cubrir o crecemento asociado ao solo urbano e de núcleo rural previsto no Plan.

h. Conterán a análise caracterización e diagnose das principais actividades económicas do municipio en termos de ocupación do territorio e da poboación activa.

Na Información Urbanística do Plan Xeral, faise un estudo a nivel municipal da poboación activa e da súa ocupación. As propostas de planeamento van no sentido de potenciar a actividade económica no municipio de Mondoñedo, toda vez que a posición que ocupa en relación ao eixe viario N-634 e a A-8, e a súa aptitude topográfica, dotan ao seu territorio de importantes expectativas de desenvolvemento do seu parque empresarial. O resto do territorio ordénase en base ás súas potencialidades agroforestais toda vez que o sector primario ostenta un peso significativo.

3.1.6 a 3.1.9 O planeamento urbanístico delimitará os solos de núcleo rural en concordancia coa vixente lexislación urbanística tomando como base as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento singularizado e identificable, sobre a base de criterios de compactación, tipoloxía, funcionalidade e dinámica.

O Plan Xeral cumpre cos preceptos legais e identifica a totalidade do sistema de núcleos diferenciados no seu territorio.

3.1.10 O planeamento urbanístico deseñará á escala pertinente os viarios internos dos núcleos.

O Plan Xeral define as aliñacións a escala 1/2000 para a totalidade dos núcleos, acoutando as seccións daquelas que axustan as actuais.

3.1.11 O planeamento urbanístico estudará as necesidades de crecemento dos núcleos rurais.

No apartado de previsións de crecemento e capacidade do Plan dáse conta da demanda residencial previsible no horizonte do Plan, indicándose que pode ser absorbida pola capacidade do solo urbano, tendo a delimitación establecida polo Plan o carácter taxado que marca a vixente lexislación urbanística.

3.1.13 As actividades de turismo rural admisibles en solo rústico especialmente protexido desenvolverase de modo preferente en edificacións existentes e de valor.

O Plan Xeral en concordancia coa vixente lexislación, protexe as edificacións tradicionais e as de valor patrimonial permitindo en todo caso as obras necesarias para garantir a súa preservación autorizándose incluso a súa ampliación. Con estas medidas primase a rehabilitación dos edificios existente, tamén aqueles con destino a usos de turismo rural.

3.1.14 Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico municipal conterán unha análise de riscos naturais e antrópicos aos que se expón o territorio do seu ámbito de influencia.

O Estudo de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico, detecta os riscos significativos que presenta o territorio municipal así como aquelas áreas que deben ser

protexidas pola súa fragilidade. As determinacións do Plan Xeral non supoñen nova edificación nesas zonas.

As valgadas de regos menores incluídas nos ámbitos de solo urbano incorpóranse ao sistema de espazos libres e zonas verdes ou zonas dotacionais extensivas, co fin de minimizar os riscos por inundabilidade.

Determinacións orientativas:

3.1.15 O diagnóstico xustificando da necesidade de novas vivendas terá en conta a evolución recente do parque residencial, as dinámicas demográficas, as consecuencias derivadas da implantación de novas actividades económicas ou dotacións e a posición do territorio e a función que desempeña.

No apartado de previsións de crecemento e capacidade do Plan da Memoria de Ordenación, explíctase pormenorizadamente a proxección que se fai da demanda de vivenda tendo en conta criterios demográficos, a tendencia do parque residencial e a evolución da súa composición. Dadas as condicións municipais non se establecen ámbitos de solo urbanizable residencial.

3.1.16 Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico municipal cumprirán:

a. Prestar atención ás características do núcleo para plantear novos crecementos.

O Plan Xeral analiza os diferentes núcleos establecendo só previsións de crecemento para aqueles que, por función e posición no territorio ou dinámicas recentes, indican que son susceptibles de acoller novas edificacións. A maioría dos núcleos, en xeral afastados dos viarios principais, a súa dimensión está claramente acoutada no centro de orixe e quedan ao marxe dos citados crecementos. Ademais na totalidade dos núcleos, a delimitación abrangue á totalidade dos ámbitos que encerran edificacións antigas ou recentes, que no marco dos vixentes preceptos legais, son a base dela.

d. As zonas con risco de asolagamento preservaranse da ocupación por usos que xeren danos sobre bens ou persoas, seguindo as determinacións establecidas na planificación hidrolóxica.

As determinacións contidas no Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa sobre zonas con risco de asolagamento, treito do río Masma no contorno da área urbana, son tidas en conta

no PXOM, toda vez que todos os terreos incluídos nas delimitacións das áreas con risco, son clasificadas como solo rústico de especial protección.

Ademais naqueles ámbitos nos que se detecta tras o traballo de campo que son susceptibles de ter problemas de asolagamento (Río Valiñadares), son clasificados como solo rústico de especial protección das augas ou formando parte do sistema de espazos libres e zonas verdes do río. Por último, e co fin de colaborar na formalización e encaixe das tramas urbanas ou de núcleo rural, e garantir a naturalidade, parte dos ámbitos asociados a outras canles intégranse no seu sistema de zonas verdes e espazos libres.

e. Consideraranse preferentes as actuacións que se desenvolvan en continuidade cos entramados urbanos existentes.

O Plan Xeral establece ámbitos de remate urbano na Cidade co obxecto de complementar a súa estrutura tanto a nivel infraestrutural como dotacional e de servizos.

f. Procurarase establecer modelos de ordenación urbana de densidade media ou alta.

O Plan Xeral procura, en base ás ordenanzas que plantea, a densificación dos núcleos existentes, tanto os urbanos como os rurais.

g. Considerarase a mobilidade no deseño do modelo territorial.

O modelo de ordenación establecido polo Plan Xeral, leva implícito o estudo da mobilidade e as consecuencias urbanísticas dela. Así establece unha xerarquización viaria, para todo o viario municipal, definindo seccións axeitadas á súa función, incorpora e clasifica axeitadamente o solo asociado á traza da autoestrada A-8 en execución e mantén como uso dotacional a estación de autobuses, circunstancias que permiten afianzar o uso do transporte colectivo.

h. Nas obras de urbanización contemplarase na medida do posible o deseño das infraestruturas en galería subterránea ou gabias compartidas.

No artigo 140 da Normativa Urbanística do Plan Xeral recóllese esta condición en concordancia coas lexislacións sectoriais que o permitan, no sentido de as redes de servizos discorrerán subterráneas, incluíndose no proxecto de urbanización cando demanden a execución de galerías.

3.1.17 Nos ámbitos de interese do patrimonio cultural e nos núcleos vinculados ás áreas estratéxicas de conservación consideraranse prioritarias as estratexias de rehabilitación.

O Plan Xeral, en concordancia coa lexislación urbanística prima a rehabilitación en todos os ámbitos de núcleos rurais, definindo aliñacións que preservan as estruturas e edificacións nos núcleos de carácter histórico-tradicionais, así como naqueles elementos incluídos no catálogo.

Por último establece como ámbitos suxeitos ao desenvolvemento de plans especiais da Cidade Histórica que inclúe O Barrio de Os Muíños e do de San Lázaro, nos que un dos obxectivos é a posta en valor das edificacións existentes, ben pola súa vinculación cos elementos da auga, ou ben polo seu carácter histórico e a unidade do conxunto. Ademais incorpora as determinacións do Plan Especial do Conxunto Histórico-Artístico de Mondoñedo e mantén a súa vixencia nas condicións definidas na Disposición Final 3ª da Normativa Urbanística.

3.2. Determinacións para o desenvolvemento de áreas empresariais.

Determinacións orientativas:

3.2.3 Os parques empresariais localizaranse respectando valores ambientais do territorio e conectados coas estradas de maiores prestacións.

O Plan Xeral propón o complemento do Parque Empresarial de Mondoñedo, e reserva un ámbito contiguo á cidade na zona de localización preferente de usos urbanos de actividade ao noroeste, moi próximas ao enlace coa traza da estrada N-634.

3.2.5 Poderanse admitir instalacións de apoio á explotación e transformación dos recursos primarios.

O Plan Xeral define para os solos rústicos un abano de usos en concordancia coa vixente lexislación urbanística, que regula a edificación para os usos de apoio á explotación dos recursos primarios. Correspóndese cos artigos 115 a 125 da Normativa Urbanística.

3.2.6 *Na elección de alternativas de localización primará a prevención dos efectos sobre o medio fronte á mitigación ou corrección dos impactos.*

O Plan Xeral opta por destinar os terreos de mellor inserción topográfica e de posición territorial no interior ou contorno da cidade, renunciando a afianzar outras posicións, por considerar que presentan riscos maiores e medidas de corrección máis custosas.

3.3. *Determinacións para o desenvolvemento de actividades produtivas no medio rural. Agricultura, gandería e aproveitamentos forestais. Determinacións orientativas.*

3.3.10 *As Administracións, para evitar o despoboamento e envellecemento do interior de Galicia e para asegurar o desenvolvemento sostible, promoverán o mantemento, recuperación e nova implantación de actividades con capacidade de xerar e diversificar emprego.*

O Plan Xeral de Mondoñedo, cualifica axeitadamente o Parque Empresarial e á cidade cara a diversificar o abano de usos dando encaixe a usos terciarios en relación ás actividades turístico-comerciais. A ampla clasificación de solos rústicos, máis do 97% do territorio, permiten o mantemento e incluso a recuperación do sector primario, que segue a representar unha importante porcentaxe da poboación activa (23,6% no censo 2001)

3.3.14 *A planificación urbanística e territorial poderá incluír unha análise específica da afección sectorial sobre as actividades agrarias coas súas respectivas medidas correctoras.*

No Estudo do Medio Rural e no anexo do Plan Xeral analízase a incidencia das explotacións de carácter primario que, no caso do municipio de Mondoñedo, teñen relevancia relativa. No territorio municipal existen grandes superficies de montes veciñais e unha ampla superficie sometida a concentración parcelaria. En canto á explotación de recursos mineiros existen varias autorizacións da sección A, para produtos de canteira (caliza, dolomía, cuarcita, cuarxo, xistro e lousa), vixentes para 6 áreas e solicitada para outras 2, así como varios permisos de investigación e algunhas concesións de autorización para sección C, sendo compatibles cos usos previstos polo Plan que identifica os actuais, establecendo un marco amplamente protector do territorio municipal.

3.3.15 e 16 O solo rústico quedará ao marxe do proceso urbanizador e será clasificado como tal polo planeamento municipal.

O Plan Xeral preserva do desenvolvemento urbanístico máis do 97% do territorio municipal, en base aos seus valores medioambientais ou culturais (de espazos naturais, paisaxística, patrimoniais), de potencialidade agroforestal, de contorno de valgadas fluviais ou por presentar riscos en caso de ocupación, así como aqueles que debeñen do cumprimento das lexislacións sectoriais. Todos estes solos teñen a clasificación de solo rústico de protección nas súas variantes de protección ordinaria ou de especial protección.

Explotación de recursos minerais e xeolóxicos. Determinacións excluíntes.

3.3.18 Os instrumentos de ordenación e plan urbanístico terán en conta as solicitudes e os dereitos outorgados na Comunidade para a explotación de recursos mineiros.

O Plan Xeral recolle no anexo as delimitacións dos dereitos mineiros existentes que afectan ao territorio municipal, segundo datos extraídos do Censo mineiro de Galicia, da Cámara Oficial Mineira de Galicia. As determinacións establecidas polo Plan garanten os dereitos concedidos de explotación para produtos de cantaría, cunha clasificación que permite dita actividade (solo rústico), que en todo caso deberán manter as condicións naturais e paisaxísticas do lugar onde se sitúa. Para os dereito de permisos de investigación, cómpre mencionar que a súa explotación en caso de producirse a concesión, deberá respectar os núcleos rurais e urbanos (cidade e parque empresarial) existentes.

Pesca e acuicultura. Determinacións excluíntes:

3.3.21 Os instrumentos de ordenación e plan urbanístico terán presente o valor das augas interiores como soporte de pesca e acuicultura.

O Plan Xeral clasifica como solo rústico de protección das augas, superposto ou non con outras categorías de solo rústico, á totalidade das valgadas fluviais do municipio. En varios treitos do sistema asociado ao Masma define un grao de protección maior como solo rústico de especial protección paisaxística.

4. As infraestruturas e os vectores ambientais do modelo territorial.

Determinacións relativas a estradas. Orientativas:

4.1.4 *Toda intervención na rede de estradas incorporará medidas de mellora e seguridade vial e as que garantan a integración ambiental e paisaxística.*

O Plan Xeral plantea a mellora das travesías urbanas con seccións axeitadas que permiten incorporar no momento da remodelación da sección intervencións a prol da mellora da seguridade e a inserción de medios de transporte alternativos.

4.1.5 *Os plans e proxectos das administracións estudarán a implantación de solucións que outorguen prioridade ao transporte público.*

Dentro das súas competencias o Plan Xeral mantén a posición dotacional da estación de autobuses e de servizos asociados, que facilita o acceso ao sistema de transporte público.

4.1.7 *As novas vías urbanas estruturantes deberán prever a posibilidade de implantar modos de transporte alternativos.*

No artigo 98 da Normativa do Plan Xeral establécense as seccións tipo do viario, onde con seccións de 14 metros é posible inserir un carril bicicleta ou similar, reaxustando o espazo destinado á beirarrúas. É a sección tipo de 14 metros a que se utiliza, como mínima, no deseño do viario estruturante, agás en treitos puntuais de cruces por núcleos tradicionais.

4.6. Determinacións relativas ás infraestruturas de telecomunicacións.

Determinacións excluíntes:

4.6.3 *En toda planificación de obras de urbanización preveranse os espazos e sistemas necesarios que faciliten a implantación posterior de redes de telecomunicacións.*

O artigo 140 da Normativa Urbanística do Plan, recolle entre os capítulos das obras de urbanización o referido a redes de telecomunicacións.

4.7. Determinacións relativas ás infraestruturas de xeración de abastecemento enerxético

Determinacións excluíntes:

4.7.2 e 3 Os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico deberán contemplar as infraestruturas necesarias para o abastecemento eléctrico e de gas e prever o incremento da demanda. As compañías subministradoras establecerán no momento da ordenación municipal as necesidades e o custo das infraestruturas asociadas aos desenvolvementos.

O Plan Xeral establece uns corredores eléctricos que permiten, de ser o caso, ampliar as liñas de alta tensión, e clasifica a subestación eléctrica como solo rústico de protección de infraestruturas garantindo a súa pervivencia.

En canto á infraestrutura de gas, e toda vez que Mondoñedo carece desta instalación, as determinacións do Plan Xeral non impiden a súa implantación.

Durante o período de información pública ao que se someta o Plan, non foron planteadas obxeccións polas compañías subministradoras sobre as necesidades e custos das infraestruturas a considerar.

Determinacións orientativas:

4.7.11 e 12 Os instrumentos de planeamento establecerán medidas para a eliminación progresiva dos tendidos aéreos nas zonas de interese patrimonial e ambiental e para a integración da eficiencia enerxética. Adaptarase a morfoloxía urbana ás condicións climáticas.

O Plan Xeral establece no artigos 151 e 152 medidas que favorecen a utilización de enerxías renovables e elementos de aforro enerxético, así como a preferencia pola integración dos centros de transformación nas edificacións, co obxectivo de minimizar os impactos no espazo público.

As seccións viarias e a formación dos espazos libres públicos e privados establecidas polo Plan favorecen a adaptación das novas edificacións ás condicións bioclimáticas, permitindo boas condicións de soleamento e ventilación das novas vivendas.

Determinacións relativas ao ciclo da auga.

Determinacións excluíntes:

4.8.1 *O planeamento urbanístico debe ser acorde coa planificación hidrolóxica, considerando a auga como un sistema complexo.*

A Confederación Hidrográfica Galicia Costa conta cun Plan Hidrolóxico aprobado definitivamente, documento cuxas determinacións foron incorporadas ao Plan Xeral, respectando os principios básicos de uso racional da auga e análise da suficiencia de recursos hídricos, normativa que esixe a execución de novas estacións de tratamento de augas residuais e preservación de todas as canles e valgadas que percorren o municipio aplicando a clasificación urbanística axeitada.

4.8.2, 3, 4 e 5. *A planificación orientarase polos principios de protección e mellora do estado das augas, protección das zonas húmidas e os seus sistemas asociados, garantía do subministro suficiente de auga, así como por promover a xestión sostible da auga.*

O PXOM de Mondoñedo realiza un estudo e diagnose sobre os requirimentos hídricos do municipio en base ás propostas urbanísticas que establece, propoñendo os complementos infraestruturais necesarios para garantir a suficiencia do servizo e evitar os riscos por contaminación sobre o medio receptor. Igualmente establece unha cualificación urbanística axeitada -solo rústico de especial protección das augas nos ríos que discorren por fóra dos núcleos e inclusión no sistema de zonas verdes e espazos libres, sempre que é posible, para os que atravesan núcleos- para garantir a pervivencia de toda a rede hídrica municipal, coa fin de protexer as zonas húmidas e os seus hábitats asociados.

4.8.9, 10, 11 e 12. *Non se poderán autorizar novos desenvolvementos urbanísticos nos que non estea previamente garantido o subministro de auga e a evacuación de augas residuais, prevéndose para os novos desenvolvementos o establecemento de redes separativas. Na selección de alternativas de planeamento procurarase optar por aquelas nas que se poidan aproveitar as redes infraestruturais existentes. As redes de evacuación de augas residuais dos novos desenvolvementos rematarán en instalacións de depuración e incluíranse técnicas de drenaxe urbana sostible.*

O Plan Xeral fai un minucioso cálculo das necesidades de abastecemento de auga e depuración para a totalidade dos usos previstos, tanto para o solo urbano como de

núcleo rural, garantindo a suficiencia de ambos sistemas coas redes existentes e coas propostas establecidas.

En canto á posición da nova área de desenvolvemento, sinalar que completa á cidade, na que maioritariamente xa funcionan redes infraestruturais.

No artigo 148 da Normativa Urbanística sinálase que os novos proxectos de urbanización deberán implantar redes separativas, que deben rematar en redes públicas que conducen a unha estación de tratamento. Igualmente no punto 14 do mesmo artigo indícase a necesidade de procurar a mínima impermeabilización dos ámbitos, coa fin de que as augas de escorrentía sexan as menores posibles. Por último, no artigo 143 establécese a obriga de acondicionar as marxes do viario municipais con elementos vexetais que colaboran no drenaxe natural.

4.8.13 As compañías subministradoras establecerán no momento da ordenación municipal as necesidades e o custo das infraestruturas hidráulicas asociadas aos desenvolvementos.

O Plan Xeral establece e avalía as infraestruturas hidráulicas necesarias para dar cobertura aos novos ámbitos de desenvolvemento. Durante o período de información pública non se recibiron datos para contrastar estas estimacións.

4.8.14. As redes de abastecemento, saneamento e depuración dos núcleos rurais, poderán adaptarse ás súas especiais características.

O Plan Xeral analiza en profundidade o actual sistema infraestrutural de abastecemento, saneamento e depuración propoñendo, en función das redes actuais, as solucións máis apropiadas para cada asentamento. A rede de abastecemento presenta unha cobertura ampla e serve á boa parte dos núcleos rurais do municipio, ben desde o servizo municipal de abastecemento que cubre a cidade e os núcleos máis próximos, ou ben por redes veciñais que dado a alta pluviosidade do municipio non presentan problemas subliñables. As propostas que establece o Plan apóianse sobre o estudo realizado para o termo de Mondoñedo no Plan Auga que comprende varias actuacións que incrementan a capacidade da rede e que o Plan incrementa ata garantir o servizo de todas as actuacións previstas. En canto ao saneamento e depuración, o Plan establece a necesidade de que a reurbanización dos núcleos principais inclúa a introdución de todas as redes infraestruturais, propoñendo a súa extensión ata as instalacións de depuración de tipo autónomo existentes ou propostas, sistema xa implantado nalgún dos núcleos, para todos os núcleos ou sistema de núcleos que superan os 50 habitantes.

4.8.15 O contorno dos ríos, regatos e encoros terá a consideración de solo rústico de protección das augas, limitándose os usos nas zonas de fluxo preferente.

O Plan Xeral clasifica todo o contorno da rede hídrica do termo municipal que discorre por fóra dos núcleos rurais e do solo urbano como solo rústico de especial protección das augas, ben en exclusiva ou superposto con outras categorías (artigos 119 a 125 da Normativa urbanística). No contorno do sistema ambiental e patrimonial que acompaña a varios treitos do río Masma e do Valiñadares, establécese unha protección de espazo natural, máis acorde coas súas características naturais e de protección patrimonial e perspectivas. Por último, e en concordancia coa lexislación urbanística, incorpóranse ao sistema de zonas libres públicas as correntes de auga que discorren polo interior dalgún dos núcleos coa fin de garantir o mantemento dos seus valores naturais.

A diminución da valgada asociada aos ríos por debaixo da zona de policía xustifícase desde a propia realidade territorial, ben por ser espazos moi ocupados pola edificación, para formar parte de solos urbanos ou de núcleo rural, e nos que as edificacións sitúanse en cotas superiores á canle do río, co que se minimiza o risco por inundación, ou ben por integrarse noutros solos protexidos. Os estudos levados a cabo polo organismo de conca, detectan áreas con risco de inundación no río Masma nas inmediacións da cidade, pero que en ningún caso afecta aos solos que o plan inclúe en áreas susceptibles de acoller novos desenvolvementos.

Determinacións orientativas:

4.8.20 e 25. As novas urbanizacións reducirán ao mínimo o selado do solo e cando integren as canles que os atravesan no sistema de zonas verdes, manterán o seu curso e características naturais procurando manter a súa vexetación de ribeira.

No artigo 149.14 da Normativa Urbanística do Plan Xeral establécese a obriga de reducir o selado de solos na nova urbanización.

Determinacións relativas á xestión de residuos. Orientativas:

4.9.5. En coherencia coas restantes determinacións, os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico incorporarán accións e determinacións necesarias para colaborar na redución de residuos: empregar materiais tradicionais, reducir movementos de terra, incrementar o uso de materiais renovables ou reciclados e técnicas construtivas axeitadas e dimensionar o sistema de recollida selectiva de residuos.

O Plan Xeral prima a rehabilitación das edificacións tradicionais, coa conseguinte diminución na produción de residuos. Ademais incorpora ás súas determinacións aquelas que debeñen da lexislación existente sobre a materia e a utilización de materiais e técnicas menos contaminantes.

5. Os equipamentos supramunicipais.

Toda vez que o municipio de Mondoñedo contén un nodo para o reequilibrio do territorio que é a súa cidade, o Plan Xeral analiza os equipamentos que lle corresponderían por ocupar territorialmente o cuarto nivel, os equipamentos de influencia supralocal. No territorio municipal localízase varias dotacións deste tipo (Correos, Xulgados, Extensión Agraria, o centro de interpretación do Camiño norte, o centro de desenvolvemento comarcal da Mariña Central, dous institutos e unha escola de música. Todos eles son cualificados polo Plan Xeral como equipamentos de sistema xeral, garantindo a pervivencia das súas instalacións.

Por outra parte e dentro da clasificación como parques o Plan fai unha aposta pola recuperación e posta en valor de elementos salientables desde o punto de vista ambiental ou patrimonial, chamados a converterse en áreas de esparcemento de carácter supralocal. É o caso dos parques do Valiñadares e do Castro, que completan a zona recreativa de A Fervenza.

7 O Patrimonio Natural

Determinacións orientativas:

7.1.1 Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística incorporarán medidas para garantir a protección dos recursos.

O Plan identifica as áreas que deben ser protexidas, ben porque debeñen de instrumentos de rango superior ou ben porque presentan características naturais ou de presenza de elementos especiais (elementos patrimoniais, hábitats protexidos, humidais inventariados,...) que o xustifican. Estes solos son preservados do desenvolvemento urbanístico asignándolle o Plan as cualificacións máis protectoras de solo rústico de especial protección de espazos naturais, de interese paisaxístico ou das augas, que garanten dentro do réxime establecido pola vixente lexislación urbanística, a súa preservación. Os núcleos inseridos nos ámbitos destas especiais protección delimítanse ao interior dos perímetros que xa presentan unha consolidación pola edificación alta, primándose a rehabilitación en todos eles. O resto do solo rústico é cualificado conforme aos seus usos actuais ou ás súas potencialidades.

7.1.2 *As actuacións territoriais e sectoriais considerarán como prioritarios os seguintes obxectivos: a) Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais, fortalecendo as funcións de conservación e desenvolvemento sostible das áreas protexidas que permitan a conservación dos hábitats de interese comunitario e das especies de flora e fauna e promover a protección e valorización doutros posibles elementos de interese supramunicipal ou local; b) Facilitar a conectividade ecolóxica entre as distintas áreas protexidas, mediante unha rede de corredores ecolóxicos; c) Restauración de espazos deteriorados; d) Incorporación de plans e estratexias de conservación do patrimonio natural e cultural, evitando presións sobre espazos fráxiles, a xestión dos procesos de cambio nas actividades que se desenvolvan no medio físico mediante a consolidación de usos de interese territorial; e) redución dos procesos erosivos como factor necesario para o desenvolvemento dos ecosistemas.*

O Plan Xeral establece un réxime urbanístico que permite a protección dos espazos naturais, tanto os que debeñen de instrumentos de rango superior como aqueles que se integran nun sistema supralocal, e que deben ser preservados cara a garantir a funcionalidade do sistema ambiental do territorio. Así defínese os ámbitos do corredor asociado aos ríos Masma e Valiñadares, que incorpora os territorios de bordo que conteñen elementos patrimoniais de interese (por exemplo, Covas do Rei Cintolo). A preservación do Patrimonio mediante a formación dun catálogo pormenorizado e o establecemento dunha normativa específica de protección, permiten impulsar medidas de rehabilitación e a súa posta en valor, co conseguinte beneficio económico e ambiental.

7.1.3 e 4. *Os instrumentos de ordenación territorial e urbanísticos deberán tomar medidas de prevención, corrección, mitigación e adaptación ás consecuencias do cambio climático, así como ter en conta o catálogo de especies ameazadas.*

O Plan Xeral estuda no apartado de síntese e diagnóstico de información urbanística o clima do municipio, non establecendo determinacións que podan ter consecuencias en relación co cambio climático. Neste senso o Plan establece medidas para o aforro enerxético, analízase a suficiencia dos recursos hídricos, fíxanse medidas para a implantación de sistemas de depuración axeitados ao sistema de núcleos previstos en condicións de total ocupación, e establécese unha clasificación protectora de máis do 95% do territorio municipal, no que se deben manter os usos naturais de orixe. Por outra parte no Estudo de sostibilidade ambiental contémpanse as medidas de prevención de impactos no ámbito para novos desenvolvementos.

Por último, o Plan Xeral identifica as especies ameazadas no territorio municipal, tal e como se recolle no Estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, e dispóñense medidas para a súa preservación.

7.2 Determinacións para as áreas estratéxicas de conservación e corredores ecolóxicos. Determinacións excluíntes.

7.2.1.,2. e 3. Identificar as áreas estratéxicas de Conservación e outras áreas ou formacións que poidan presentar valores cun interese local ou supramunicipal, realizando unha análise que permita a súa identificación e consideración, partindo das incorporadas ao Anexo III das DOT. Prever mecanismos de conectividade ecolóxica sobre a base dunha análise específica de carácter supramunicipal.

O Plan Xeral, partindo do inventario de espazos naturais recollidos polas DOT, analiza o territorio asociado aos humidais inventariados, aos elementos incluídos nas Normas Subsidiarias de Planeamento Provincial, os puntos de interese xeolóxico, para cualificalos coas categorías de solo rústico que lle corresponde. Esta propia clasificación como solo rústico de especial protección garante a pervivencia de corredores e conectividade ecolóxica. A rede fluvial do municipio completa este sistema de corredores, garantíndose igualmente a súa protección mediante a clasificación dos vales asociados aos regos e regatos como solo rústico de especial protección das augas, directamente ou superposto a outras categorías de solo rústico. Cando as canles atravesan núcleos urbanos ou rurais, procúrase a súa integración no sistema de espazos libres e zonas verdes públicas o que permite manter a continuidade.

Determinacións orientativas:

7.2.5 Corresponderalle ao planeamento urbanístico establecer a regulación pormenorizada de usos para os ámbitos indicados no epígrafe anterior.

O Plan Xeral establece o réxime de usos para a totalidade do termo municipal e en especial para os solos rústicos, no marco da vixente lexislación urbanística.

8. A paisaxe.

Determinacións excluíntes:

8.1 e 5 As administracións pública integrarán a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística e neles, ante a ausencia de

Catálogos e Directrices de Paisaxe, considerarán a paisaxe desde unha perspectiva global e aglutinadora.

O Plan Xeral fai unha análise paisaxística do territorio municipal, segundo o recollido na planimetría de Información Urbanística con respecto a distintas variables (topografía e hidrografía, elementos de patrimonio natural e cultural...) e no Estudo de Sostibilidade Ambiental no apartado de identificación dos elementos estratéxicos do territorio, do que resulta unha análise sobre os condicionantes ambientais e paisaxísticos que presenta o territorio no momento de proceder a tomar decisións planificadoras, e contempla a paisaxe desde un punto de vista global que supera incluso os límites municipais.

Así, en concordancia co establecido nas DOT, o Plan Xeral nas súas determinación e na súa memoria, incardina propostas de ordenación que preservan os espazos de especial interese ambiental, establece medidas de control da dispersión edificatoria, aproveita o sistema de núcleos existente para concentrar nela edificación, e introduce un abano de usos diversos compatibles en solo de núcleo rural, que permite revitalizar a estrutura socioeconómica deles e servir de apoio a novas actividades turísticas, terciarias, e comerciais, sen abandonar a vinculación aos usos primarios, procurando a clasificación como solo de especial protección agrícola para as hortas e agras do seu contorno. Por outra banda, impleméntase a preservación das paisaxes diferenciais, sendo os principais elementos aglutinadores as valgadas asociadas aos vales dos ríos Masma e Valiñadares. O tratamento dado polo Plan ás valgadas de ambos ríos permite a súa revalorización e o mantemento da súa naturalidade.

Determinacións orientativas.

8.6 O planeamento urbanístico realizará un estudo da paisaxe urbana, prestando especial atención ás tipoloxías edificatorias, medianeiras vistas, materiais de fachada,...

Mondoñedo conta cunha cidade que amosa unha estrutura urbana clara, tanto desde o punto de vista da estrutura como das tipoloxías edificatorias. Así no apartado da síntese e diagnóstico da situación urbanística do Plan, contéplase o estudo da estrutura urbana do Plan, indicando que a tipoloxía edificatoria da cidade histórica é de tipo colectiva, con tipoloxía de edificio de dúas plantas entre medianeiras, e que se mestura con unifamiliar adosada ou illada nos barrios dos bordos. As propostas do Plan para os ámbitos urbanos céntranse en producir un remate dos cuarteiróns edificados, que aínda que nalgún ámbito presentan unha tipoloxía diferente, manteñen sempre a escala axeitada á realidade na que se enmarcan. As novas actuacións propostas intentan completar a estrutura urbana con prazas e equipamentos que logran mellorar a imaxe

urbana, incluíndo todos aqueles elementos naturais que deben preservarse no conxunto proxectado.

9. O patrimonio cultural

Determinacións excluíntes:

9.1, 2, 3 e 4. A Xunta de Galicia adoptará as medidas precisas para completar e sistematizar o inventario de bens patrimoniais de Galicia. As restantes Administracións colaborarán no cumprimento deste cometido e fomentarán a preservación dos bens. Calquera actuación sobre o territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural, e realizarase una análise que incorpore unha prospección dos elementos arqueolóxicos. As actuacións sobre os bens patrimoniais deben estar encamiñadas á súa conservación e mellora garantindo a súa protección e revalorización.

O Plan Xeral incorpora na súa documentación toda a relación de elementos incluídos no Inventario facilitado polos servizos municipais, completándoa con aqueles elementos susceptibles de ser incorporados ao inventario polos seus valores patrimoniais, atopados tras o exhaustivo traballo de campo realizado.

Así un dos documentos do Plan é o Catálogo, que co alcance definido no artigo 75 da vixente lexislación urbanística, aporta os datos e determinacións para cada elemento patrimonial identificado. Ademais incorpórase ao plano de ordenación a localización e identificación de cada ben incluído no catálogo. Na Normativa Urbanística fíxanse determinacións e procedementos para a realización de obras e actuacións tanto nos bens catalogados como nos contornos de protección, primándose as labores de restauración ou rehabilitación dos bens. Ademais incorpórase o catálogo dos xacementos arqueolóxicos de Mondoñedo realizado polo arqueólogo municipal, que permite un coñecemento específico deste tipo de bens.

9.5 Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística deberán incorporar as accións e medidas necesarias para garantir a protección dos BIC, relacionados no Anexo IV das DOT, así como calquera outro susceptible de presentar valores patrimoniais. Particularmente débese garantir a compatibilidade co desenvolvemento das áreas empresariais e das actividades produtivas.

No municipio de Mondoñedo teñen a clasificación de BIC catro elementos, O Conxunto histórico artístico do casco antigo, a Catedral de Nosa Señora dos Remedios, o Castelo da Toxiza e a Torre de Gorrete, ademais dos que deveñen de determinacións xenéricas:

hórreos de máis de 100 anos, cruceiros, petroglifos e mámoas. O Plan Xeral incorpora ao catálogo e á planimetría de ordenación todos estes elementos, e as determinacións que se establecen normativamente para eles son especialmente coidadosas no sentido de garantir a súa conservación. Para os ámbitos de desenvolvemento afectados por algún elemento arqueolóxico esíxese, en calquera das categorías, a realización dunha actividade arqueolóxica previa. Para os restantes elementos impónse a necesidade de solicitar autorización ao órgano competente na materia (artigos 129 a 135).

9.6 O planeamento urbanístico promoverá a revitalización urbana das zonas históricas e a rehabilitación dos núcleos rurais e contemplará a arquitectura e as paisaxes vinculadas ao medio rural e promoverá a súa rehabilitación, dotándoas de condicións que reforcen o seu interese patrimonial.

O Plan incorpora ás súas determinacións o Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Mondoñedo, nas condicións establecidas na Disposición Final 3ª da Normativa Urbanística en tanto non se redacte un novo documento, e establece dous ámbitos para a redacción de Plans Especiais de protección e rehabilitación da Cidade Histórica, que inclúe o barrio dos Muíños, e o de San Lázaro en función das súas boas calidades ambientais e de tramas históricas.

Igualmente delimita de acordo coa vixente lexislación urbanística todos os núcleos rurais histórico-tradicionais, nos que a conservación das edificacións tradicionais e da súa estrutura, é un obxectivo prioritario, definindo o Plan tanto a rede viaria e o espazo público adaptado ás súas características, como unhas ordenanzas especiais para a compleción dos espazos vacantes. Ademais define no artigo 70 da normativa urbanística os indicadores para a redacción dos correspondentes plans de ordenación dos núcleos rurais.

Determinacións orientativas:

9.12. O planeamento urbanístico municipal, na delimitación dos ámbitos de interese patrimonial en solo rústico especificará as áreas ás que asignar a categoría de protección patrimonial.

O Plan distingue entre as súas ordenanzas unha de solo rústico de especial protección patrimonial, histórica ou artística, R8, que se corresponde con solos nos que se localizan edificios, xacementos arqueolóxicos, xardíns, monumentos, inmobles e outros elementos que, presentando singulares características ou valores históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos, son merecedores de protección.

10. Aplicación das directrices de ordenación

10.1.18 Análise de compatibilidade estratéxica. DOT

O presente apartado de Análise da Compatibilidade Estratéxica do Plan Xeral, redáctase conforme ao establecido no punto 18 do apartado 10.1. que regula as determinacións para o desenvolvemento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, nos termos alí establecidos e como forma de garantir a coherencia da planificación en ferverza.

A metodoloxía seguida cubre os tres apartados sinalados no punto 8.2 do Informe de Sustentabilidade Ambiental das DOT e que son:

- a. Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, considerando a influencia positiva ou negativa dos obxectivos do Plan Xeral sobre os mesmos.
- b. Proceso de decisión, analizando a súa calidade no deseño do planeamento.
- c. Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia, avaliando a incidencia que os obxectivos do Plan Xeral teñen sobre eles.

E sendo os obxectivos do Plan Xeral os seguintes:

OBXECTIVO 1	O feble crecemento urbano debe servir á consolidación dos asentamentos de poboación
OBXECTIVO 2	A valoración e potenciación do patrimonio cultural como base do Concello
OBXECTIVO 3	A protección do medio ambiente natural e dos recursos paisaxísticos
OBXECTIVO 4	O recoñecemento do actual sistema de asentamentos de núcleos rurais
OBXECTIVO 5	A ampliación da base económica municipal
OBXECTIVO 6	Acadar unha correcta articulación do sistema viario municipal
OBXECTIVO 7	O redimensionamento do nivel de dotacións urbanísticas

Xunto a estes obxectivos específicos de planeamento, o Plan Xeral tamén ten en conta aqueles que, de carácter xenérico, establecen as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia para a orientación dos plans con incidencia urbanística e territorial nos Nodos de Equilibrio do Territorio. Estes obxectivos son os seguintes:

- . Mellora das infraestruturas de comunicación, aumentando a accesibilidade dos nodos para o equilibrio do territorio, facilitando os desprazamentos entre eles e a súa conexión cos elementos superiores do sistema de asentamentos.
- . Mellora dos equipamentos e dotacións, aumentando a súa variedade e, sobre todo,

elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.

- . Potenciación das súas infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición relativamente afastada dos principais centros urbanos.
- . Accións de mellora urbana que incidan na imaxe dos núcleos, a oferta residencial de calidade, a valorización dos atractivos naturais e patrimoniais e na preparación de espazos de actividade adaptados ás necesidades de cada ámbito para lograr así un aproveitamento máximo das oportunidades de desenvolvemento existentes.
- . Deseño de iniciativas territoriais orientadas a potenciar modelos de desenvolvemento endógeno que permitan a diversificación e ampliación da base produtiva, introducindo novas actividades que xeren empregos de calidade, especialmente aqueles vencellados aos recursos do territorio. Neste senso cómpre destacar a necesidade de favorecer a concentración e axeitado dimensionamento das industrias da madeira, potenciando desde as Administracións públicas unha maior competitividade e equilibrio que induza ao desenvolvemento da cadea da madeira no seu conxunto, fomentando a cooperación interempresarial e a dispoñibilidade de infraestruturas comúns.
- . Potenciación das sinerxías con espazos máis dinámicos e a valorización das iniciativas e oportunidades locais para superar estrangulamentos inducidos polo illamento e pola falta de capacidade para acceder á información e aos mercados de bens, servizos e capitais exteriores.

a. Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade.

No cadro adxunto avaláase a influencia positiva, negativa ou a non influencia, dos obxectivos do Plan Xeral sobre os aspectos clave para a sustentabilidade.

		OBX 1	OBX 2	OBX 3	OBX 4	OBX 5	OBX 6	OBX 7
Ocup. Territorio	Calidade do solo	+	+	+	+	+	+	0
	Exposición a riscos naturais ou tecnolóxicos	+	+	+	+	+	+	0
	Vocacionalidade dos ámbitos	+	+	+	+	+	0	+
Paisaxe. Pat nat e cult	Integridade paisaxística	+	+	+	+	+	+/-	+
	Conservación patrimonio natural e cultural	+	+	+	+	+	0	+
	Fragmentación do Territorio	+	+	+	+	+	+/-	+
Sociedade e Economía	Competitividade económica	+	+	+	+	+	+	+
	Equilibrio do desenvolvemento económico	+	+	+	+	+	+	+
	Cohesión social	+	+	+	+	+	+	+
	Calidade de vida da poboación	+	+	+	+	+	+	+
	Gobernaza	+	+	+	+	+	+	+
Atmosfera	Calidade do aire	0	0	+	0	+/-	-/+	0
Ciclo hídrico	Calidade da auga	+	0	+	+	+/-	-/+	0
	Consumo de recursos hídricos	+	0	+	+	+/-	0	0
Enerxía	Consumo enerxético	+	+	+	+	+/-	-/+	-/+
Xestión de residuos	Xestión de residuos	+	+	+	+	+/-	+	-/+
Cambio climático	Emisións de GEI	0	+	+	+	-	-/+	+
Mobilidade	Necesidades de mobilidade	+/-	+/-	+	+/-	+/-	+	+
	Equilibrio no reparto modal	+/-	+/-	+	+/-	+	+	+

Os obxectivos do Plan Xeral, orientados claramente por criterios de sustentabilidade ambiental, social e económica, amosan ter unha incidencia claramente positiva sobre os aspectos clave definidos nas DOT. As decisións municipais que parten desde ter un documento de ordenación urbanística adaptado á vixente lexislación e coas medidas de integración necesarias para previr ou minimizar os efectos sobre o medio, ata as de optar por establecer as bases para un desenvolvemento económico en base á diversificación dos usos, que sexa quen de frear o descenso demográfico que están a sufrir os municipios centrais de Galicia, así como reforzar a estrutura urbana para acadar as funcións como nodo para o equilibrio do territorio, encaixan nos obxectivos perseguidos polas DOT para estes territorios.

b. Proceso de decisión

b.1 Coherencia en fervenza.

Analízase neste apartado a coherencia dos obxectivos do Plan Xeral cos estratéxicos das DOT e que teñen incidencia no territorio de Mondoñedo. Como se desprende do cadro adxunto os obxectivos perseguidos polas DOT para municipios incluídos nos nodos para o equilibrio do territorio e cun patrimonio natural e cultural subliñable, coinciden cos perseguidos polo Plan Xeral.

OBXECTIVOS DAS DOT QUE AFECTAN AO MUNICIPIO DE MONDOÑEDO	OBXECTIVOS DO PXOM CONCORDANTES
Adaptarse ás DOT	Dotar ao municipio dun documento de ordenación integral é un obxectivo resumo do proceso de formación do PXOM.
Consolidar unha rede de vilas capaces de dotar dunha base urbana e de servizos ao territorio	Potenciación das sinerxías con espazos máis dinámicos e a valorización das iniciativas e oportunidades locais para superar estrangulamentos inducidos polo illamento e pola falta de capacidade para acceder á información e aos mercados de bens, servizos e capitais exteriores.
Impulsar procesos socioeconómicos que dinamicen as áreas con menor peso demográfico	A ampliación da base económica municipal. Deseño de iniciativas territoriais orientadas a potenciar modelos de desenvolvemento endógeno que permitan a diversificación e ampliación da base produtiva, introducindo novas actividades que xeren empregos de calidade, especialmente aqueles vencellados aos recursos do territorio. Neste senso cómpre destacar a necesidade de favorecer a concentración e axeitado dimensionamento das industrias da madeira, potenciando desde as Administracións públicas unha maior competitividade e equilibrio que induza ao desenvolvemento da cadea da madeira no seu conxunto, fomentando a cooperación interempresarial e a dispoñibilidade de infraestruturas comúns.
Encaixe na rede xerarquizada de equipamentos e infraestruturas que vertebran o territorio	O redimensionamento do nivel de dotacións urbanísticas. Mellora dos equipamentos e dotacións, aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.
Consideración dos condicionantes ambientais, sociais e económicos	A protección do medio ambiente natural e dos recursos paisaxísticos. Accións de mellora urbana que incidan na imaxe dos núcleos, a oferta residencial de calidade, a valorización dos atractivos naturais e patrimoniais e na preparación de espazos de actividade adaptados ás necesidades de cada ámbito para lograr así un aproveitamento máximo das oportunidades de desenvolvemento existentes.
Consolidar a singularidade dos pobos, apoiando as compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana	O feble crecemento urbano debe servir á consolidación dos asentamentos de poboación. O recoñecemento do actual sistema de asentamentos de núcleos rurais. Accións de mellora urbana que incidan na imaxe dos núcleos, a oferta residencial de calidade, a valorización dos atractivos naturais e patrimoniais e na preparación de espazos de actividade adaptados ás necesidades de cada ámbito para lograr así un aproveitamento máximo das oportunidades de desenvolvemento existentes.
Establecer mecanismos de cooperación urbano-rural cun equilibrio entre o desenvolvemento urbano e a protección de espazos abertos	A protección do medio ambiente natural e dos recursos paisaxísticos. A valoración e potenciación do patrimonio cultural como base do Concello. Accións de mellora urbana que incidan na imaxe dos núcleos, a oferta residencial de calidade, a valorización dos atractivos naturais e patrimoniais e na preparación de espazos de actividade adaptados ás necesidades de cada ámbito para lograr así un aproveitamento máximo das oportunidades de desenvolvemento existentes.

OBXECTIVOS DAS DOT QUE AFECTAN AO MUNICIPIO DE MONDOÑEDO	OBXECTIVOS DO PXOM CONCORDANTES
Contribuír a un modelo territorial que considere a vocacionalidade ou potencialidade do territorio na ordenación do medio físico	Potenciación das sinerxías con espazos máis dinámicos e a valorización das iniciativas e oportunidades locais para superar estrangulamentos inducidos polo illamento e pola falta de capacidade para acceder á información e aos mercados de bens, servizos e capitais exteriores.
Valorizar a calidade da paisaxe, o patrimonio cultural e o sistema rural polo seu poder de atracción e de calidade de vida.	A protección do medio ambiente natural e dos recursos paisaxísticos. Accións de mellora urbana que incidan na imaxe dos núcleos, a oferta residencial de calidade, a valorización dos atractivos naturais e patrimoniais e na preparación de espazos de actividade adaptados ás necesidades de cada ámbito para lograr así un aproveitamento máximo das oportunidades de desenvolvemento existentes.
Previr e minimizar os efectos derivados dos riscos naturais e tecnolóxicos	O recoñecemento do actual sistema de asentamentos de núcleos rurais e axustar a súa delimitación. O feble crecemento urbano debe servir á consolidación dos asentamentos de poboación.
Crear un sistema de infraestruturas de transporte eficiente	Acadar unha correcta articulación do sistema viario municipal. A ampliación da base económica municipal. Mellora das infraestruturas de comunicación, aumentando a accesibilidade dos nodos para o equilibrio do territorio, facilitando os desprazamentos entre eles e a súa conexión cos elementos superiores do sistema de asentamentos.
Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos estruturantes do sistema rural elevando os niveis de servizo para aumentar o atractivo destes núcleos	O redimensionamento do nivel de dotacións urbanísticas. Mellora dos equipamentos e dotacións, aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade. Potenciación das súas infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición relativamente afastada dos principais centros urbanos.
Desenvolver espazos orientados ás actividades	Ampliación da base económica municipal. Deseño de iniciativas territoriais orientadas a potenciar modelos de desenvolvemento endógeno que permitan a diversificación e ampliación da base produtiva, introducindo novas actividades que xeren empregos de calidade, especialmente aqueles vencellados aos recursos do territorio. Neste senso cómpre destacar a necesidade de favorecer a concentración e axeitado dimensionamento das industrias da madeira, potenciando desde as Administracións públicas unha maior competitividade e equilibrio que induza ao desenvolvemento da cadea da madeira no seu conxunto, fomentando a cooperación interempresarial e a dispoñibilidade de infraestruturas comúns. Potenciación das sinerxías con espazos máis dinámicos e a valorización das iniciativas e oportunidades locais para superar estrangulamentos inducidos polo illamento e pola falta de capacidade para acceder á información e aos mercados de bens, servizos e capitais exteriores.

b.2 Coherencia transversal

A avaliación da relación dos obxectivos do planeamento cos establecidos na diversa planificación sectorial, queda garantido desde o inicio do proceso de redacción do Plan Xeral. Así, na súa Síntese e Diagnóstico da situación urbanística e no Estudo de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico analízanse a totalidade de instrumentos e lexislacións sectoriais que inciden no territorio, incorporando as súas determinacións, ou remitindo ao respectivo documento no Plan Xeral. Así o Plan Xeral inclúe as obras a desenvolver polo Ministerio de Fomento para a traza da autoestrada do Cantábrico A-8, ou clasifica como solo rústico de protección de infraestruturas os parques eólicos previstos na planificación sectorial.

b.3 Demanda Social

Nos apartados 1 de Xustificación e alcance do Plan, e 4.1.1. de Previsións demográficas e capacidade do Plan, ambos da Memoria de Ordenación do Plan Xeral, analízanse os elementos base do territorio municipal e as tendencias esperadas, xustificando que as determinacións de planeamento dan resposta ás necesidades no marco da vixente lexislación urbanística e ambiental.

c. Relación cos elementos territoriais estratéxicos

Neste apartado avalíase a influencia positiva que os diferentes obxectivos do Plan Xeral, ao que dan resposta as súas determinacións, teñen sobre os elementos territoriais estratéxicos. Do cadro adxunto conclúese que os obxectivos do planeamento só inciden sobre os elementos territoriais sinalados, non tendo influencia nos demais.

	OBX 1	OBX 2	OBX 3	OBX 4	OBX 5	OBX 6	OBX 7
Paisaxe	+	+	+	+	+	+/-	
Patrimonio natural e cultural	+	+	+	+	+	+/-	
Produción de alimentos			+		+		
Solo empresarial	+				+	+	
Turismo	+	+	+	+	+	+	+
Equipamento e servizos básicos	+	+	+	+	+		+

2. COHERENCIA DO PLAN XERAL COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN TERRITORIAL DE INCIDENCIA

INSTRUMENTO	Determinación do Plan
Plan Director de Estradas - Move	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación e xerarquización da rede viaria en concordancia co Plan Move. - Proposta de mellora das estradas principais de accesibilidade.
Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> - O PXOM clasifica como solo urbano consolidado o Parque Empresarial, desenvolto ao amparo do correspondente Proxecto Sectorial.
Plan Auga e Plan de Saneamento	<ul style="list-style-type: none"> - O Plan incorpora ás súas determinacións as previsións incluídas neses documentos, complementándoas coas actuacións necesarias para garantir o subministro e a depuración a toda a poboación e actividade que propón.
Plan Eólico - Plans Sectoriais de implantación de Parques eólicos e de Liñas Aéreas de Alta Tensión	<ul style="list-style-type: none"> - O Plan Xeral clasifica como solo rústico de especial protección de infraestruturas os ámbitos afectados por estas infraestruturas, en xeral superposto a outras categorías de solo rústico. Polo tanto non impide o seu desenvolvemento, aínda que desde o punto de vista paisaxístico é cuestionable.
Plan Hidrolóxico Galicia Costa	<ul style="list-style-type: none"> - O Plan Xeral adapta as súas determinacións ao contido deste documento non propoñendo novos crecementos en solos afectados polo fluxo preferente, susceptible de sufrir inundacións, e destinándoo a zonas verdes ou a solos rústicos. - Os novos mapas de inundabilidade a exposición pública tampouco supoñen unha interferencia coas determinacións de nova ordenación que o Plan Xeral establece (solo urbano non consolidado).
Estratexia Galega da Paisaxe	<ul style="list-style-type: none"> - A ampla cobertura e protección que o Plan Xeral establece para o territorio municipal garanten a preservación, desde o punto de vista urbanístico, dos valores paisaxísticos no que desenvolver os catálogos de Paisaxe.
Plan de Residuos Urbanos	<ul style="list-style-type: none"> - O carácter de municipio rural que define o Plan de Residuos Urbanos para Mondoñedo, encaixa coa ordenación urbanística prevista polo Plan Xeral, que só identifica como realidades urbanas a Cidade e o Parque Empresarial. O Plan Xeral non impide a implantación do punto limpo nin o desenvolvemento da ordenanza de residuos.
Plan Director da Rede Natura	<ul style="list-style-type: none"> - O Plan Xeral establece unha ampla zona de solo rústico de especial protección de espazos naturais que acollen a estes ámbitos e garanten a súa protección desde o punto de vista urbanístico.
Plan Sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> - O Plan Xeral non impide a implantación de elementos vinculados á infraestruturas de telecomunicacións, en concordancia coa vixente lexislación sectorial.